# 2 Expresión oral e escrita

## Préstamos

Son **palabras que un idioma toma doutro** ao longo da historia. Estas palabras designan obxectos, costumes ou realidades novas para os que non existía unha palabra específica: *surf, pizza, aeróbic...*

## Estranxeirismos

Os estranxeirismos son palabras doutras linguas que usamos en lugar dunha palabra que xa existe na nosa lingua. Por exemplo: **hall* en vez de *vestíbulo*. Son, polo tanto, préstamos innecesarios e **debémolos evitar**.

**1.** Busca na sopa de letras as palabras galegas adecuadas e escríbeas:

password → ~~Contrasinal~~ Clave ✓

show → Espectáculo ✓

souvenir → Recordo ✓

manager → Representante ✓

barman → Camareiro ✓

look → Aparencia ✓

followers → Seguidores ✓

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| T | C | I | O | B | U | L | C | Q | E | C | B | A |
| A | L | E | C | A | M | A | R | E | I | R | O | P |
| F | A | S | E | Z | N | G | A | V | F | G | H | A |
| A | V | B | C | R | O | I | T | R | F | E | U | R |
| R | E | P | R | E | S | E | N | T | A | N | T | E |
| E | G | M | A | S | Ñ | L | E | S | R | O | D | N |
| C | N | F | E | D | I | F | A | X | I | L | B | C |
| O | E | S | P | E | C | T | A | C | U | L | O | I |
| R | F | Q | O | R | P | S | Z | E | A | D | P | A |
| D | O | I | Ñ | A | B | E | C | U | S | X | P | O |
| O | S | E | G | U | I | D | O | R | E | S | T | L |
| O | M | O | D | V | U | E | H | A | X | N | E | R |

- De que lingua proceden a maioría dos estranxeirismos anteriores?

Inglés + fr.

**2.** Reflexiona sobre a túa maneira de falar. Empregas estranxeirismos con frecuencia?

Nome e apelidos: ............ Data: ............

© Grupo Anaya, S. A. Material fotocopiable autorizado.

**3.** Fíxate no seguinte texto e subliña os estranxeirismos que atopes:

Este weekend iamos ir os meus amigos e mais eu a un concerto dos Papagaios porque somos fans do grupo. Cando chegamos ao hall do pazo de congresos onde ía ter lugar démonos conta de que nos esqueceramos os tickets na casa e non nos deixaron pasar. Non nos resultaba posible ir buscalos, porque entre ir e vir... chegariamos cando o show xa rematase. Moi desgustados, decidimos ir a cear a un self-service. Ao entrar vimos a uns rapaces que coñecemos, que estaban celebrando a party de aniversario dun deles. Xuntámonos e pasámolo moi ben.

• Reescribe o texto substituíndoos polas palabras galegas correctas:

~~festa~~ – ~~afeccionados~~ – ~~vestíbulo~~ – ~~autoservizo~~ – ~~entradas~~ – ~~fin de semana~~

Esta fin de semana ... porque somos afeccionados ... Chegamos ao vestíbulo ... as entradas na casa ... cando o espectáculo ... cear a un autoservizo ... a festa ... .



Nome e apelidos: ............ Data: ............

© Grupo Anaya, S.A. Material fotocopiable autorizado.

# 4 Ortografía

**1.** Completa as palabras do texto con **s** ou **x**, segundo corresponda.

> UXía é unha eXperimentada cociñeira e Sempre conta coa ineStimable aXuda de Xián, o seu irmán. Os dous Xuntos teñen un restaurante eSpecializado en comida eStranXeira e Son moi coñecidos. A min encántame cando aSan peiXe na braSa: Xurelos, Xardas, Xoubas, Sardiñas... Todo está delicioSo na súa terraza de verán. No inverno cociñan Sopas e fan Xantares de pota que Seica dan Xenio!

## As letras *s* e *x*

*S* e *x* son dúas letras ou grafemas distintos que corresponden tamén a fonemas diferentes:

- O grafema **s** representa o fonema /s/: *casa, saba...*
- O grafema **x** pode representar dous fonemas:

  a) O fonema palatal /x/: *xente, hoxe...*

  b) O grupo consonántico /ks/: *próximo, dúplex...*

**2.** Investiga a clave de cada unha das series e continúaa:

– taxi, flexo, saxo, nexo, sexo /ks/

– xarda, xeneta, xiz, xurelo, xamón /ʃ/

– serea, sapo, solteiro, sabia, saco /s/

– esaxero, asexar, osíxeno, asexo, desaloxo /s/~/ʃ/

**3.** Completa as oracións coas formas axeitadas dos verbos seguintes:

esaxerar | xuntar | estrañar

– Meu irmán vive no estranxeiro e estraña moito a casa.

– Marcos esaxera os feitos; en realidade, non pasara nada.

– Hai que xuntar a estes dous, que poden levarse ben.

**4.** Escribe unha oración cunha palabra que…

– comece por **xo-**:

Xoves iremos á folga (Xoán(a), xornal, xornada, xoaniña, xogar, xota...)

– remate por **-xón:**

O caixón non pecha ben (empuxón, feixón, baixón, paixón, roxón...).

– comece por **sa-**:

Sabías que mañá vou de compras?

– comece por **xi-**:

Xián fixo unha falcatruada. (Xiba, xiga, xilófono, ximnasio, xirafa, xinete, xinecólogo...).

**5.** Atopa a palabra que corresponde a cada unha destas definicións.

- Todas comezan por *ex-* ou *es-*.

– Aparello que serve para extraer o zume: espremedor

– Facer un burato na terra: escavar

– Algo que non coñecemos, que nos resulta raro: estraño

– Persoa que vén doutro país: estranxeiro



Nome e apelidos: ............ Data: ............

© Grupo Anaya, S. A. Material fotocopiable autorizado.

## Actividades

**1.** Agrupa e ordena as sílabas de cada cor ata formar seis palabras distintas. Despois rodea cun círculo a sílaba tónica de cada palabra.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| [redacted] | mor | zo | re | [redacted] | ga | zar | bra | res |
| co | mar | ce | ri | al | mér | cár | da | [redacted] |

- Animal
- Almorzo
- Margarida
- Mércores
- Cárcere
- Brazo

**2.** Separa en sílabas estas palabras e sitúaas nos recadros que lles corresponden. Coida que nos cadros brancos coincidan sílabas átonas e nos de cor as sílabas tónicas.

[redacted]

LI | BRO G.
FE | LI | CI | DA | DE A.
A | PA | RE | LLA | DOR A.
SO | ÑAR A.
SE | MÁ | FO | RO E.
LÓS | TRE | GO E.
CA | MI | SA G.
FRI | GO | RÍ | FI | CO E.
BI | CI | CLE | TA G.
PAN | TA | LÓNS A.

**3.** Clasifica as palabras das dúas actividades anteriores neste cadro. Subliña a sílaba tónica en todos os casos.

| Agudas | Graves | Esdrúxulas |
|---|---|---|
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |
| .......................... | .......................... | .......................... |

# Actividades

**4.** Localiza nas sopas de letras os nomes dos elementos debuxados. Cada nome aparece nunha sopa distinta en función de se é unha palabra aguda, grave ou esdrúxula.



***agudas***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| P | O | C | R | U | A |
| A | F | A | O | P | U |
| T | E | R | M | I | N |
| I | Ñ | A | S | T | O |
| N | C | C | H | I | U |
| S | E | O | X | E | C |
| O | I | L | U | Z | A |
| V | O | R | S | E | F |

***graves***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| X | I | L | L | O | A |
| E | L | P | I | L | C |
| S | A | R | O | I | A |
| A | P | X | S | T | L |
| N | I | M | U | E | I |
| T | S | O | N | E | Z |
| O | I | U | C | H | O |
| V | A | L | B | U | M |

***esdrúxulas***

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| X | E | R | U | S | O |
| T | U | G | O | E | A |
| A | E | R | M | M | N |
| F | R | A | S | A | C |
| O | C | B | H | F | O |
| S | A | R | O | O | R |
| O | I | L | U | R | A |
| T | O | R | Ñ | O | E |

— Escribe as dez palabras anteriores, co acento gráfico se o precisan, e explica razoadamente por que o levan ou por que non.

| | *Palabra* | *Xustificación* |
|---|---|---|
| A. | Patíns | -ns |
| | Caracol | -l /-cons ≠ n/s |
| | Campá | -vg. |
| G. | Lapis | -s |
| | Tixola | -vg |
| | Cáliz | -cons ≠ n/s |
| | Álbum | -cons ≠ n/s |
| E. | Árbore | SEMPRE |
| | Semáforo | |
| | Áncora | |

**5.** Resolve este «camiño silábico». Para facelo debes poñer, sílaba a sílaba e no sentido que marcan os triángulos de cores, as palabras que se corresponden con cada definición. Observa que xa che damos algunhas sílabas como axuda.

- Que se expresa con poucas palabras ao escribir ou falar.
- Aplicará sulfato a unha planta ou a unha plantación.
- Unión sexual.
- Dise do pobo, persoa ou animal que non ten morada fixa.
- Localidade luguesa.
- Dise da persoa libertina cargada de vicios.
- Vaso sagrado onde se fai a consagración do viño durante a misa.
- Xogo de mesa.
- Pata dianteira do porco, despois de matado e despezado.
- Axente nomeado por un goberno para defender os seus intereses nun país estranxeiro.
- Que se move, actúa ou é realizado en pouco tempo, con celeridade.
- Relativo á democracia ou conforme a ela.
- Que ten dez patas.
- Perda, total ou non, do movemento nalgunha parte do corpo.




— Clasifica as palabras que forman o «camiño silábico» segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

| Agudas | Graves | Esdrúxulas |
|---|---|---|
| ..................... | ..................... | ..................... |
| ..................... | ..................... | ..................... |
| ..................... | ..................... | ..................... |
| ..................... | ..................... | ..................... |
| ..................... | ..................... | ..................... |

Regras xerais de acentuación

# Actividades

**6.** Fai os cambios de número de cada palabra e indica se a nova forma é aguda (a), grave (g) ou esdrúxula (e). Ponlles acento gráfico cando corresponda.

| Singular | | Plural | Singular | | Plural |
|---|---|---|---|---|---|
| cóctel (g) | – | cócteles (e) | chinés (a) | – | chineses (g) |
| monitor (a) | – | monitores (g) | espécime (e) | – | espécimes (e) |
| caníbal (g) | – | caníbales (e) | infantil (a) | – | infantís (a) |
| mandril (a) | – | mandrís (a) | carácter (g) | – | caracteres (e) |
| cámara (g) | – | cámaras (e) | avestruz (a) | – | avestruces (g) |

**7.** Clasifica en agudas, graves ou esdrúxulas estas palabras. Logo completa correctamente con elas as oracións que seguen.

**parque** (g) - **parqué** (a)

- Cando limpes o parqué da casa faino con este produto especial para madeira.
- Os nenos reúnense acotío no parque para xogar á pelota.

**revólver** (g) - **revolver** (a)

- De cando en vez tes que revolver o guiso para que non se pegue.
- O shériff desenfundou o seu revólver e os bandidos fuxiron de alí.

**antigás** (a) - **antigas** (g)

- As casas desta rúa son as máis antigas e fermosas da vila.
- Ante o perigo dos gases tóxicos, os bombeiros levaban máscaras antigás.

**lucido** (g) - **lúcido** (e)

- O meu avó, a pesar da súa enfermidade, está lúcido e segue a gobernalo todo.
- O vestido desa actriz pareceume pouco lucido porque tiña un deseño anticuado.

**porqué** (a) - **porque** (g)

- Necesito saber o porqué da túa decisión. Non acabo de entender as túas motivacións.
- É mellor que vaias hoxe ao banco porque mañá é festivo e precisamos os cartos.

**8.** Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións.

- Coñecin o teu avo cando eu era arbitro de balonman.
- Maña comeza o setimo congreso sobre avances tecnoloxicos na industria textil.
- O capitan do equipo hungaro retirase hoxe do futbol.
- De supeto, avariouse a helice do helicoptero no que viaxaba o consul xapones.
- Os ladrons daquel automobil estan xa no carcere.
- O crater daquel volcan tiña cando menos dous quilometros de diametro.
- Un astronomo chines acaba de descubrir un novo satelite de Xupiter.
- Simon foi ao medico porque se sente debil e ten dores no torax.

## Actividades

**1.** Completa os ocos destas novas de xornal coas palabras adecuadas de cada par.

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

[redacted] [redacted]

O Ministerio de Medio Ambiente paralizou a construción da ~~presa~~ presa de Narla, na provincia de Lugo, cunha Declaración de Impacto Ambiental negativa, segundo anunciou onte a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona.

*Galicia Hoxe* (9-9-2004)

A Xunta de Galicia decretou tres días de ....dó.... oficial, de luns a mércores, pola morte de Xoán Paulo II.

*Galicia Hoxe* (4-4-2005)

A rúa Xeneral Pardiñas acolle desde hai uns poucos meses un local que promete facer as delicias dos afeccionados ao mundo das infusións, e máis en concreto, ao mundo do ....té.... .

*Galicia Hoxe* (18-2-2004)

A Terra ....Chá.... acolle os restos de Manuel María nun sepelio no que máis de tres mil persoas enmudeceron co adeus, en Outeiro de Rei, ao poeta da patria.

*Galicia Hoxe* (11-9-2004)

En España son varias as especies en perigo de extinción: o salmón atlántico, o ....oso.... pardo, a foca monxe ou a aguia imperial.

*Galicia Hoxe* (8-5-2005)

Pola neve e o xeo ....compren.... cadeas no porto de Poio (Lugo) e a DXT recomenda precaución nalgunhas estradas de Lugo, de Pontevedra e da Coruña.

*Galicia Hoxe* (26-12-2004)

Galicia ten saldo de mobilidade laboral negativo. O número de traballadores que saen de Galicia para traballar noutras comunidades supera en case 4 000 persoas os empregados que chegan de ....fora.... para traballar na nosa comunidade.

*Galicia Hoxe* (18-2-2004)

Os colectivos pesqueiros de Galicia manifestáronse onte en Santiago para pedir o cambio na actual normativa pesqueira. Os afectados pola crítica situación da anchoa do Cantábrico están en ....pé.... de guerra.

*Galicia Hoxe* (15-5-2005)

— Crea oracións combinando as palabras de cada par que non usaches.

- Présa, óso, do, compren, te, fora, Cha, pe.
- ..............................
- ..............................
- ..............................

**2.** Substitúe a palabra destacada por outra sinónima. Ten en conta que esta nova palabra pode levar ou non acento diacrítico.

- O tenista protestou porque, segundo el, a súa **pelota** (→ bóla) entrou.
- Estamos a agardar polo tren que **procede** (→ vén) de Lugo.
- Non te entreteñas tanto, que teño **apuro** (→ présa). Se non saio xa, perderei o autobús.
- Eu convidei a Uxía á festa, **pero** (→ mais) ela non quixo vir.
- Enriba daquela **rama** (→ póla) do castiñeiro hai un niño de reiseñor.
- Cando **merque** (→ compre) o meu coche novo irei de viaxe máis a miúdo.
- A nosa **egua** (→ besta) pariu onte un poldro precioso.
- Meu avó é mariñeiro e sabe facer máis de vinte **ataduras** (→ nós) diferentes.

**3.** Completa este texto. Ten en conta que as palabras que corresponden en cada oco poden levar ou non acento diacrítico.

> Chucho Monteiro detense pola beira do camiño de Castrillón. Remontou amodo a encosta da carballeira, levando na man unha póla de loureiro verde, e agora senta nas pedras do valado a carón do camiño. Pasear sen presa polo monte é unha cousa que o corpo lle pide, e un dos labores que máis tempo lle ocupa. Coloca a póla de loureiro debaixo do brazo, frega as mans para sacudirlles o po, saca tabaco e mistos, fai un pito e acéndeo. Desde alí divisa o val de Riba, e ao lonxe, ao pé dos montes de Lendo, os lugares da Raposeira, o Muíño e o serradoiro de Pitoques.

Xurxo Borrazás, *Criminal*

**4.** Pon o acento diacrítico que falta en cada oración.

- O home co xersei azul é maior co teu pai.
- A irmá da túa amiga da moitos paseos.
- Óeme ben! Se bo, se queres que che deixe ir ao cine.
- O avó ven nese autobús, pero os netos non o ven chegar.
- No zoolóxico, un oso polar rompeu un oso.
- Impresionoume ver despregadas as as dos voitres.
- Eva quere mais froita, mais só peras e uvas.
- Ela díxome que fora fora para ver se chovía.
- Eu como menos ca ti pero bastante máis ca avoa.
- Por que lle das a túa boneca á amiga das túas irmás?
- Apoiei o pé no chanzo da escaleira para facer o no do zapato.
- Xosé e Neves din que esa película e aburrida.
- Quen vos dixo que vos seriades titulares na dianteira?
- Compre que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.

## Actividades

**5.** Explica as diferenzas de significado entre estas mensaxes, segundo as palabras destacadas teñan ou non acento diacrítico.

No banquete, uns maleducados andaban a tirar **bolas** de pan polo aire.
↳ Pezas de pan completas

No banquete, uns maleducados andaban a tirar **bólas** de pan polo aire.
↳ ~~[illegible]~~ Cachos esféricos

Oe, ten coidado coa **besta**, non te vaias mancar.
↳ Egua

Oe, ten coidado coa **bésta**, non te vaias mancar.
↳ Arma

Non podemos baixar en piragua polo río con tanta **presa**.
↳ Encoro, salto de auga

Non podemos baixar en piragua polo río con tanta **présa**.
↳ Apuro

Os investigadores non esperaban atopar tantos **osos** naquel lugar.
↳ Animais plantígrados

Os investigadores non esperaban atopar tantos **ósos** naquel lugar.
↳ Partes do corpo

Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. **Ves** ben agora?
↳ de ver

Atopeite con mala cara cando ías para o oculista. **Vés** ben agora?
↳ de ir

**6.** Pon os acentos diacríticos que faltan neste texto.

Das voltas e mais voltas sobre os teus pes como unha buxaina para ficar queda de súpeto e sentir como o mundo xira ao teu redor. Sobes ao alto do cabozo ao que eu lle tiña pavor, para saltar dende arriba e sentir ese verme que anda pola barriga. Das pinchacarneiros. Fas o pino. Saltas en marcha da randeeira que che preparou o tío Ramiro pendurada da pola mais grosa da mazaira, coma se foses lanzarte a voar. Encantache pendurarte das pernas da viga de madeira que cruza o alboio coma se foses roupa tendida. As veces, a avoa quéixase e di que estas cousas so as fan os nenos. Despois fita para ti cos ollos húmidos e brillantes, cóllete polas dúas mans, achégate ao seu regazo e di: «A túa nai era mais tranquila e non daba tanta guerra».

Leticia Dotras, *¡Voa, cascuda!*

# Actividades

**1.** Pronuncia o nome dos elementos debuxados e escríbeos despois, sílaba a sílaba e cos acentos adecuados, no lugar que lle corresponda. Repara en que os cadros en laranxa conteñen ditongos e os cadros en verde, hiatos.










| | | | |
|---|---|---|---|
| ~~AB~~A | TA | Ú | DE |
| NÁU | FRA | GO | |
| CA | DEI | RA | |
| RA | Í | ÑA | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| AS | TRO | NAU | TA |
| A | VIÓN | | |
| LE | ÓN | | |
| CA | DE | A | |

**2.** Pronuncia estas palabras e clasifícaas segundo conteñan ditongos ou hiatos. Copia os acentos gráficos adecuadamente.

[redacted]

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Como «muíño» (hiato: mu - í - ño)** | Ruído<br>Destruír<br>Xuízo | **Como «puido» (ditongo: pui - do)** | Puiden<br>Azuis<br>Tui |

[redacted]

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Como «miúdo» (hiato: mi - ú - do)** | Diúrno<br>Viúvo<br>Oriúndo | **Como «partiu» (ditongo: par - tiu)** | Escribiu<br>Dividiu<br>Recibiu |

**3.** Repara nas seguintes palabras: os símbolos de cor representan hiatos de vogais abertas. Relaciona con frechas cada símbolo co hiato que lle corresponde.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *far●●n* (ao) | *oc●●no* (éa) | *c●●llo* (oe) | *néb●●* (oa) | *petról●●* (eo) |
| *p●●tico* (oé) | *perd●●r* (oa) | *camal●●n* (eó) | *ald●●n* (eá) | *p●●lla* (ae) |

| Hiato | Símbolo |
|---|---|
| ae | ●● |
| ao | ●● |
| ea | ●● |
| eo | ●● |
| oa | ●● |
| oe | ●● |

— Completa agora a seguinte táboa con cada unha das palabras anteriores.

| Palabra | Sílabas | Leva acento gráfico | Non leva acento gráfico | Xustificación |
|---|---|---|---|---|
| faraón | fa - ra - ón | X | | Palabra aguda rematada en -n. |
| Poético | po-é-ti-co | X | .... | Esdrúxula |
| Océano | o-cé-a-no | X | .... | " |
| Perdoar | per-do-ar | .... | X | Ag. -r |
| Coello | co-e-llo | .... | X | Gr. ~~Ag~~ -vg |
| Camaleón | Ca-ma-le-ón | X | .... | Ag. -n |
| Néboa | né-bo-a | X | .... | E |
| Aldeán | al-de-án | X | .... | Ag. -n |
| Petróleo | pe-tró-le-o | X | .... | E |
| Paella | pa-e-lla | .... | X | G. -vg |

**4.** Le en voz alta estas oracións pronunciando ben os encontros de vogais destacados. Acentúa correctamente os hiatos.

- R**au**l toca moi ben a fr**au**ta.
- A miña t**ia** marcha mañá de v**ia**xe.
- Precisamos un c**ua**rto con d**ua**s camas.
- A Eva dóelle m**oi**to o **oi**do dereito.
- El pos**ue** uns cinc**ue**nta bolígrafos.
- **Ai**nda necesito outra c**ai**xa.
- Eu contin**uo** con graves problemas de s**uo**r.
- Entón aparec**eu** un trans**eu**nte e freei.
- Que fan eses p**au**s dentro do b**au**l?
- Xoán dixo que **ia** comprar un **ia**te.
- Eu nunca vira tan fur**io**so o meu t**io**.
- El comeu toda a nosa fr**oi**ta: é un eg**oi**sta.

# Actividades

**5.** Escribe o verbo que falta en cada oración.

- Eu xa o (*saber: P1, copretérito, indicativo*) .................. todo antes de que mo contases.
- Eu tamén (*contribuír: P1, pretérito, indicativo*) .................. á vitoria do equipo.
- Eles (*amontoar: P6, pretérito, indicativo*) .................. o lixo e logo botárono no colector.
- Onte eu (*cambiar: P1, pretérito, indicativo*) .................. unha roda traseira do meu coche.
- Debemos falar baixo ata que os nenos (*estar: P6, presente, subxuntivo*) .................. durmidos.
- Esta noite (*comer: P1, futuro, indicativo*) .................. o resto do guiso.
- Ela (*continuar: P3, pretérito, indicativo*) .................. durmindo, aínda que soou o espertador.
- Ela non (*poder: P3, pretérito, indicativo*) .................. durmir polo barullo que había na rúa.
- Espero que eles me (*deixar: P6, presente, subxuntivo*) .................. a súa pelota.
- Se el tivese cartos dabondo, (*ir: P3, pospretérito, indicativo*) .................. de vacacións a Australia.

— Subliña de azul os ditongos, de negro os tritongos e de vermello os hiatos. Comproba que están correctamente acentuados en cada caso.

**6.** Pon os acentos gráficos que faltan neste texto. Todos eles afectan a ditongos e hiatos.

> O 3 de agosto de 1977 entrei a traballar como botóns nun banco en Santiago de Compostela. Acababa de facer vinte anos. O curso académico entretivérao entre algunhas clases na facultade ás que asistia pouco motivado, e unhas reunions para estudantes cristians nas que se mesturaba a accion política a favor dos máis humildes con certo tufo psicoterapeutico de alivio emocional. Dirixia as sesions un cura chamado Luis Vilasuso, home agradable e práctico como o demostrou que, co paso dos anos, acabase exercendo de coengo na catedral compostelá. E foi en parte grazas a el que entrei no banco.
>
> Miguel Suárez Abel, *O repenique de Beatriz Goldar*

**7.** Pon todos os acentos gráficos que faltan nestas oracións. Ten en conta a presenza de ditongos, tritongos e hiatos.

- A raiña dixo entre bagoas que viaxaba a Suiza por un problema de saude.
- A Luis perdooo porque o accidente que provocou foi involuntario.
- Hai dous dias, Lucia sentia unha forte dor no oido dereito.
- Xoan Bieitez, o profesor de Bioloxia, sabe moito sobre os pingüins.
- A miudo camiño pola beira do rio ata o muiño.
- Ese dianteiro do Paraguai intercambiou a sua camiseta cun xogador rival.
- É unha magoa, pero con esta neboa non poderemos xogar o partido de beisbol.
- Acaban de construir unha estatua dedicada á heroina Maria Pita.
- As baleas grises non son moi habituais nesta parte do oceano Atlántico.
- Que o xuiz condenou o alcalde arzuan soubeno hoxe mesmo.

# 7. USO DE B E V

- Na lingua galega as grafías **b** e **v** representan o mesmo son: [b].
- En xeral, unha palabra escríbese con *b* se o termo do que procede se escribía con *b*; e o mesmo sucede co *v*.

**Escríbense con b:**

- As desinencias do copretérito dos verbos da 1ª conxugación (*-aba*): *lavaba, andabamos.*
- As formas dos verbos rematados en *-bir* e *-buír*: *distribuía, recibades.* Excepto *servir, vivir, vir* e os seus derivados.
- As formas dos verbos *beber, caber, deber, haber, lamber, saber* e *sorber*: *bebo, cabendo, debamos, lamban, soubestes, sorbías.*
- As palabras con fonema [b] seguido doutra consoante: *abdicar, obter.* Excepto *ovni, acivro* e *ávrego.*
- As palabras que comezan por *bu-*: *burato, butano.* Excepto *vulgo, vulto, vulva, vurullo* e *vulnerar.*
- As palabras que conteñen os prefixos *ben-, bene-, bi-, bis-, biblio-, bio-* e *sub-*: *biblioteca, bioloxía.*
- Os adxectivos rematados en *-bre, -ble* ou *-bel*: *febre, notábel.*
- As palabras rematadas en *-bundo/a, -bil* ou *-bilidade*: *vagabundo/a, hábil, estabilidade.* Excepto *servil* e *civil.*
- Tamén se escriben con *b*: *abelá, bafo, balde, baleiro, baleirar, beira, billa, bolboreta, biscaíño/a, fibela, gabeta, gabia, gabián, marabilla, móbil, nobelo* (de la), *polbo, rebentar, ribeira, trobar* e as palabras pertencentes ás súas familias léxicas.

**Escríbense con v:**

- As formas dos verbos de uso frecuente *estar, ir, servir, ter, ver, vir, vivir* e os seus derivados: *vou, serve, tiven, viñades, convivirían.*
- As formas dos verbos rematados en *-ver, -versar* e *-servar*: *conservaredes, choveu.* Excepto *beber, caber, deber, haber, lamber, saber, sorber* e os seus derivados.
- As palabras con fonema [b] cando vai precedido de *b, d* ou *n*, como en *adversaria, obvio.*
- Os adxectivos rematados en *-ave, -avo/a, -eve, -evo/a* e *-ivo/a*: *suave, bravo/a, breve, aditivo/a.* Excepto *árabe* e os seus derivados.
- As palabras que conteñen o prefixo *vice-* e o sufixo *-voro*: *vicerreitor/a, omnívoro/a.*
- Os numerais: *oitavo/a, vinte.* Excepto *billón* e o multiplicativo *dobre.*
- Tamén se escriben con *v*: *avó* e *avoa, avogado/a, caravel, chuvasco, covarde, escarvar, escaravello, esvarar, esvelto/a, garavanzo, gravar, gravata, pavillón, trevo, varanda, varrer, vasoira, vermello/a, verniz, verza, voda, voitre, vulto, vurullo, xavelina* e as palabras pertencentes ás súas familias léxicas.
- En canto aos verbos que se escriben con *v*, debe terse en conta o dito máis arriba sobre as terminacións do copretérito da 1ª conxugación.







1. Completa con *b* ou *v* estes fragmentos de poemas.

era unha vez un mar máis gris que azul
no mar unha ría
na ría unha touza de peixes
e na touza unha xoubiña
de barriga prateada e dorso verde (…)
a xoubiña aspiraba a chegar ao tamaño
do kraken, e así
podería abanear unha cola como a da balea azul
arregañar sete fileiras de dentes como o tiburón
e aínda que as súas cincocentas avoas
predicían que ningún sardiño ía namorala
a xoubiña medrou e medrou
a xouba fíxose sardiña
grande como un abadexo
(…)

como bagullas
na chuvia
perderanse
como bagullas
na chuvia
a música vibra
por última vez
caen as notas negras
sobre a miña pel
perdéndose na noite
como bagullas
na chuvia
retumba a auga
no pavillón
é o teu pau batendo
sobre o tambor?
(…)

-whatsapp whatsapp
triscando herba vizosa
-onde é a tal?
estades na camposa?
-non tal, no herbal
por riba da Chousura
-imos a escape
que fartura!
-whatsapp whatsapp
aí veñen coas tesoiras!
-vannos tosquiar
todas á corredoira!
-meiriña negra ou branca
a nosa la é só nosa
-chimpemos na barranca
volvamos á camposa
-whatsapp whatsapp
queremos andar ceibas
-saltade a sebe
vinde para as eiras
(…)

como chegara o polbo a aquel galpón
el, que devecía polos alpendres?
quen o puxera naquel balde de plástico
a el que habitaba as augas máis limpas da ría
as pozas tranquilas e misteriosas.
a el que soñaba cos arrecifes de coral?
disque os polbos son animais tímidos
e, se non apreciamos a súa roibén,
é pola súa habelencia en mudar a cor,
porén o polbo non paraba de darlle no bico
(…)

Marilar Aleixandre: *Ovella descarreirada*

2. Completa con *be / ve, bi / vi* ou *bio / vio* as seguintes palabras.

| | | | |
|---|---|---|---|
| venerable | vinagre | visitante | biodegradábel |
| beneficiosa | bicarbonato | bilingüe | violeta |
| benévolo | visceral | bilateral | biografía |
| veneciano | biscoito | bisneto | violonchelo |
| benestar | vistosa | vicepresidenta | biosfera |
| venezolana | vixante | viaduto | biodiversidade |
| bendita | bicicleta | bibliográfica | violento |

3. Identifica as palabras da actividade anterior que teñan os prefixos indicados.

| ben- / bene- | bi- /bis- | biblio- | bio- |
|---|---|---|---|
| beneficiosa<br>benevolo | bicarbonato<br>bilingüe<br>bilateral<br>bisneto | bibliográfica | biodegradable<br>biográfica<br>biosfera<br>biodiversidade |

4. Completa con *-ave/-abe, -avo/-abo, -eve/-ebe, -evo/-ebo* e *-ivo/-ibo*.

| -ave / -abe | -avo / -abo | -eve / -ebe | -evo / -ebo | -ivo / -ibo |
|---|---|---|---|---|
| *ár*abe | *escandin*avo | *perc*ebe | *lonx*evo | *ch*ibo |
| *gr*ave | *lav*abo | *br*eve | *tr*evo | *abus*ivo |
| *su*ave | *n*abo | *l*eve | *s*ebo | *evas*ivo |
| *tr*abe | *oit*avo | *s*ebe | *c*ebo | *tr*ibo |
| *aeron*ave | *bisíl*abo | *pr*ebe | *rel*evo | *prohibit*ivo |





5. Enche os ocos con *b* ou *v*.

| | | | |
|---|---|---|---|
| *b*isa*v*oa | *V*acinar | *al*b*anel* | *V*im*b*io |
| *so*b*re*v*i*v*ente* | *chu*V*ia* | *chu*b*asco* | *V*afo |
| *su*b*v*ención* | *V*aranda | *co*V*arde* | *V*aga*b*undo |
| *V*i*b*rar | *V*ult*o* | *ga*b*ear* | *o*V*ino* |
| *a*b*omina*b*le* | *b*é*b*edo | *a*V*aría* | *or*b*allo* |
| *mara*b*illoso* | *V*oca*b*ulario | *su*b*desen*V*ol*V*ido* | *ri*b*eira* |
| *so*b*re*V*i*V*ir* | *po*b*o* | V*ernizar* | *es*V*elta* |
| b*u*b*ela* | *chum*b*o* | V*enda*V*al* | b*ule*b*ule* |
| V*izosa* | b*ó*V*eda* | b*ule*V*ar* | *a*V*i*V*ar* |







6. Une cada verbo coa terminación apropiada e cópiaos no lugar correspondente.

| | | |
|---|---|---|
| obser- var | -bar | pertur- |
| pre- ver | -var | su- |
| fer- ver | -ber | ser- |
| sa- ber | -ver | rele- |
| estor- | -bir | ano- |
| devol- | -vir | avi- |
| lam- | | pre- |
| sor- | | mo- |
| apro- | | escri- |
| absor- | | de- |
| absol- | | be- |
| ado- | | derru- |
| conci- | | cei- |
| prohi- | | agra- |
| cre- | | inter- |

| -bar | -var | -ber | -ver | -bir | -vir |
|---|---|---|---|---|---|
| Estorbar<br>Aprobar<br>Adobar<br>Crebar<br>Perturbar<br>Derrubar<br>Ceibar | Observar<br>Relevar<br>Anovar<br>Avivar<br>Agravar | Lamber<br>Sorber<br>Absorber<br>Deber<br>Beber | Prever<br>Ferver<br>Devolver<br>Absolver<br>Prever<br>Mover | Concibir<br>Prohibir<br>Subir<br>Escribir | Servir<br>Intervir |

7. Identifica o termo definido e arrodéao na sopa de letras.

a) Serpe velenosa, coa cabeza de forma triangular, ollos con pupila vertical e dous dentes ocos cos que inocula veleno: víbora

b) Aquel que durante a súa etapa ou estado embrionario permanece e se desenvolve no interior do organismo materno: vivíparo

c) Que non se pode vencer ou que é moi difícil de vencer: invencible

d) Capital de Polonia: Varsovia

e) Globo de aire ou doutro gas que sobe á superficie dun líquido cando este ferve, fermenta ou cando se axita: burbulla

f) Lugar onde se cultivan plantas novas para logo seren transplantadas: viveiro

g) Prolongación subterránea do talo de certas plantas, como o da cebola ou o tulipán: bulbo

h) Gran coñecemento ou conxunto deles, adquiridos polo estudo ou pola experiencia: sabedoría

i) Que ten unha cuncha con dúas valvas: bivalvo

l) Animal femia que se reproduce mediante ovos: ovípara

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| b | i | v | a | l | v | o | c | f | i |
| u | b | i | r | x | a | m | v | a | n |
| l | u | b | r | s | r | q | i | p | v |
| b | r | o | z | a | s | r | v | ñ | e |
| o | b | r | i | a | o | d | i | l | n |
| n | u | a | r | d | v | h | p | t | c |
| p | l | b | e | m | i | p | a | n | i |
| a | l | b | g | t | a | l | r | u | b |
| z | a | r | a | p | i | v | o | p | l |
| s | o | v | i | v | e | i | r | o | e |

# 1 O SUBSTANTIVO

## CLASES DE SUBSTANTIVOS

Os **substantivos** poden ser:

- **Comúns.** Designan persoas, animais ou cousas da mesma especie ou clase, considerando as calidades xerais: *nena, can, parque...*
- **Propios.** Designan persoas, animais ou cousas para distinguilos do resto dos da súa mesma clase ou especie. Escríbense sempre coa primeira letra en maiúscula: *Pedro, Ourense...*

Os nomes propios de persoa reciben o nome de **antropónimos**: *Pedro.* Os nomes propios de lugar reciben o nome de **topónimos**: *Ourense.*

Os **substantivos comúns** poden ser:

- **Concretos.** Designan persoas, animais ou cousas que podemos percibir cos sentidos: *libro, fonte.*
- **Abstractos.** Designan realidades ou calidades que non se perciben polos sentidos, aínda que si percibamos a súa manifestación: *amor, beleza.*

Os **substantivos comúns concretos** poden ser:

- **Contables/non contables**

Son contables os que designan cousas que poden contarse: *árbore.*

Son incontables os que designan algo que non se pode contar, aínda que si se poden medir, pesar, etc.: *auga.*

- **Individuais/colectivos**

Son individuais os que en singular designan persoas, animais ou cousas únicas: *veciño.*

Son colectivos os que designan en singular un conxunto de cousas ou seres iguais: *veciñanza.*

**1 Escribe C (concreto) ou A (abstracto) ao lado de cada substantivo, segundo corresponda:**

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| cadro | C | paciencia | A | alegría | A | liberdade | A | amizade | A |
| orella | C | libro | C | esperanza | A | autobús | C | vaca | C |

**2 Escribe o substantivo abstracto que corresponde a estes adxectivos:**

vello ....vellez....... xusto ....xustiza.......

louco ....loucura....... escuro ....escuridade.......

mozo ....mocidade....... espeso ....espesura.......

feliz ....felicidade....... covarde ....covardía.......

**3 Escribe I (individual) ou C (colectivo) ao lado de cada substantivo, segundo corresponda:**

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| alumno | C I | dentadura | C | abella | I | vasoira | I | xogador | I |
| flora | C | orquestra | C | arquipélago | C | vestiario | C | palabra | I/C ? |
| peixe | I | rabaño | C | flor | I | semana | C | arboredo | C |

**4 Emparella os substantivos individuais cos colectivos que lles corresponden:**

| | |
|---|---|
| 1 ovella | 8 poemario |
| 2 actor | 2 elenco |
| 3 buque | 10 armamento |
| 4 castiñeiro | 9 equipo |
| 5 vela | 1 rabaño |
| 6 profesor | 7 piñeiral |
| 7 piñeiro | 3 frota |
| 8 poema | 6 velame |
| 9 xogador | 5 souto |
| 10 arma | 6 profesorado |

**5 Escribe os seguintes substantivos colectivos ao lado da súa definición:** + Biblioteca

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| canaval | formigueiro | follaxe | bandada | público |
| orquestra | xente | enxame | arboredo | arquipélago |
| exército | dentadura | cardume | roseira | rolada |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Conxunto de árbores. | arboredo | Conxunto de espectadores. | público |
| Conxunto de soldados. | exército | Conxunto de formigas. | formigueiro |
| Conxunto de peixes. | cardume | Conxunto de persoas. | xente |
| Conxunto de illas. | arquipélago | Conxunto de abellas. | enxame |
| Conxunto de libros. | biblioteca | Conxunto de dentes. | dentadura |
| Conxunto de canas. | canaval | Conxunto de instrumentos musicais. | orquestra |
| Conxunto de follas. | follaxe | Conxunto de aves que voan xuntas. | rolada |
| Conxunto de rosas. | roseira | Conxunto de crías que naceron a un tempo da mesma nai. | bandada |

**6 Define os seguintes substantivos coma no exemplo:**

***cadeira:** substantivo común, concreto, contable, individual*

aceite: s. común, concreto, incontable

Inés: s. propio

nostalxia: s. común, abstracto

xiz: s. común, concreto, contable, individual

Vilalba: s. propio

herbario: s. común, concreto, contable, colectivo

# XÉNERO

## SUBSTANTIVOS ANIMADOS E INANIMADOS

As **persoas** e os **animais** poden ser de xénero masculino ou feminino. Os nomes ou substantivos que os designan son, en xeral, de xénero masculino ou feminino, dependendo do sexo. Estes substantivos teñen, por tanto, variación de xénero para expresar a oposición de sexo: *o neno – a nena, o cabalo – a egua.*

As **cousas** non teñen sexo, pero si xénero gramatical, masculino ou feminino. Os substantivos que as designan teñen unicamente un xénero: masculino *(o caderno)* ou feminino *(a saia).*

**7 Fíxate nos substantivos subliñados neste texto. Clasifícaos segundo teñan ou non oposición de xénero. No caso dos que teñen variación de xénero, escribe as dúas formas.**

Ao terceiro día de invisibilidade total, farto de estar metido na casa, Damián decidiu saír á rúa. Xa non había que preocuparse de elixir a roupa que debía poñer nin de se enlear unha hora diante do espello coa molesta maquillaxe. Ninguén o vería, así que nada lle podía ocorrer. Só debería ter coidado de non bater coa xente, evitar calquera contacto imprevisto que puidese erguer sospeitas ou asustar alguén.

Cando camiñaba distraído pola beirarrúa, un autobús detívose nunha parada próxima. Era un dos buses que ían ao centro, xa o collera noutras ocasións. Damián non o pensou dúas veces e subiu ao vehículo. Pasou sen pagar, algunha vantaxe había ter aquela invisibilidade, e sentou nun dos escasos lugares libres. Desde alí podía observar ben as persoas que ían no vehículo, todas con rostro inexpresivo, ignorándose unhas ás outras, solitarias como illas dun mar distante.

Dúas paradas máis adiante, subiu unha señora vestida cun elegante traxe de chaqueta de cor marrón que intentou sentar no lugar ocupado por Damián. Mais non puido facelo, porque en canto comezou a dobrar as pernas para acomodarse, el volveu endereitala cun lixeiro empurrón nas nádegas. A señora observou o asento, abraiada, e intentouno de novo con maior determinación. Damián empurrouna outra vez, nesta ocasión máis enerxicamente.

A señora ollaba desconcertada o asento baleiro, e logo ao seu redor, pero cada viaxeiro ía ensumido nos seus pensamentos ou na música que lle chegaba a través dos auriculares, e ninguén parecía reparar nela. Achegouse ao condutor e interpelouno con palabras nerviosas, en demanda de axuda. Mais non lle deberon servir de moito, porque non houbo un terceiro intento.

(A. Fdez. Paz: *Fantasmas de luz,* Edicións Xerais)

| | | |
|---|---|---|
| Substantivos que designan seres inanimados (sen oposición de xénero) | Masculinos | día, autobús, mar, asento, pensamentos |
| | Femininos | roupa, maquillaxe, ~~xente~~, beirarrúa, invisibilidade, pernas, música |

• Sen opos. de x.º > masc. ou fem.
• Heterónimos > ≠ sufixo ou lexema (con. opo).
• X.º contextual > sen flexión, pero con opo mediante det. ou adx.
• Epicenos: masc. ou fem. (sen opo), designan persoas ou animais de ambos sexos.

| Substantivos que designan seres animados (con oposición de xénero) | Invariables | xente, persoas |
|---|---|---|
| | Variables | señora, viaxeiro, condutor. |

**8** **Estes substantivos designan seres animados e teñen oposición de xénero. Clasifícaos:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| ... avogado | ... pianista | ... doutora | ... persoa ~~sen opo.~~ |
| ... camarada | ... xornalista | ... vítima ~~sen opos.~~ | ... amante |
| ... xílgaro | ... elefante | ... colega ~~sen opos.~~ | ... compañeira |
| ... capitán | ... boi | ... testemuña ~~sen opos.~~ | ... mártir |

| Substantivos variables | Substantivos invariables | |
|---|---|---|
| | O artigo ou a concordancia co adxectivo marcan o xénero | Epicenos |
| avogado, capitán boi, doutora, compañeira | camarada, pianista xornaliste, amante mártir | xílgaro, elefante, ~~vítima~~ vítima, colega, testemuña, persoa |

Son de **xénero masculino**:

• Os nomes das letras: *o a, o be.*

• Moitos substantivos rematados en ***-ume***: *o cume, o lume, o legume, o costume, o pesadume*... (excepto: *a servidume, a mansedume*...).

• Os seguintes substantivos: *o bechamel, o berce, o cal* (de pintar), *o cárcere, o couce, o cuspe, o diadema, o dote, o fel, o labor, o leite, o mar, o masacre, o mel, o nariz, o pagode, o paradoxo, o sal, o sangue, o sinal, o sorriso, o ubre, o vexame, o xiz...*

Son de **xénero feminino**:

• A maioría das árbores froiteiras e os seus froitos: *a laranxeira – a laranxa, a pereira – a pera.* Pero hai excepcións:

Árbore masculina – froito feminino: *o castiñeiro – a castaña.*

Árbore feminina – froito masculino: *a figueira – o figo.*

Árbore e froito masculinos: *o limoeiro – o limón.*

• As palabras rematadas en ***-axe***: *a paisaxe, a viaxe, a vantaxe*... (excepto: *o paxe, o garaxe, o traxe* e *o/a personaxe*).

• As palabras cultas rematadas en *-se, -e, -ite* e *-te*: *a análise, a apocalipse, a dose, a eclipse, a énfase, a parálise, a perífrase, a cute, a pube, a diabete, a hepatite*... (excepto *o éxtase*).

• As seguintes palabras: *a ábsida, a árbore, a arte, a azouta, a cal ou canle, a calor a color* ou *a cor, a dolor* ou *a dor, a fame, a fraude, a fronte, a lavalouza, a marxe, a omoplata, a orixe, a orde, a pantasma, a ponte, a reuma, a sebe, a sentinela, a síncope, a síndrome* (e, por tanto, *a sida*), *a suor, a vertixe...*

**9 Escribe o artigo masculino ou feminino que indica o xénero destas palabras:**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| A ... arte | O ... lume | O ... labor | A ... linguaxe | A ... dor |
| O ... sinal | A ... auga | A ... alma | A ... orixe | A ... énfase |
| A ... viaxe | A ... dor | A ... orde | O ... leite | O ... legume |
| A ... ponte | A ... pereira | A ... crise | A ... otite | O ... costume |

**10 Clasifica os seguintes substantivos:**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| mel M | orde F | diadema M | masacre M | cume M | legume M |
| eclipse F | sal M | marxe F | nariz M | lavalouza F | pereira F |
| friaxe F | longametraxe F | síndrome F | amigdalite F | xiz M | ponte F |
| sangue M | til M | ele M | pantasma F | paxe M | canle F |

MASCULINOS

FEMININOS

**11 Risca a forma incorrecta:**

| | |
|---|---|
| ~~o aguia~~ – a aguia | o masacre – ~~a masacre~~ |
| o sal – ~~a sal~~ | o pesadume – ~~a pesadume~~ |
| ~~o orixe~~ – a orixe | ~~o calor~~ – a calor |
| ~~o arte~~ – a arte | o cárcere – ~~a cárcere~~ |

**12 Relaciona cada substantivo cun adxectivo axeitado atendendo ao xénero:**

| | |
|---|---|
| 1 ~~color~~ cor | 8 antigo |
| 2 árbore | 1 dourada |
| 3 auga | 4 moderna |
| 4 arte | 6 pícaro |
| 5 sal | 7 fermosísima |
| 6 sorriso | 2 frondosa |
| 7 paisaxe | 3 cristalina |
| 8 costume | 5 iodado |

## FORMACIÓN DO FEMININO

Nos substantivos variables a oposición masculino/feminino exprésase:

- Mediante un morfema flexivo:

| Masculino | | Feminino |
|---|---|---|
| **Vogal átona** | **-o**: *amigo*<br>**-e**: *elefante* | **-a**: *amiga, elefanta* (pero *o/a estudante, o/a cantante*) |
| **Vogal tónica:** *avó* | | **+ -a**: *avoa* |
| **Consoante distinta de -n:** *profesor* | | **+ -a**: *profesora* |
| **-n** | **-án**: *cidadán, capitán* | **-a**: *cidadá, capitá* |
| | **-ón**: *león* | **-oa**: *leoa* |
| | **-ín**: *bailarín* | **+ -ina**: *bailarina* |

- Mediante morfemas derivativos (sufixos):

| Masculino | Feminino |
|---|---|
| *heroe, conde* | *heroína, condesa* |

- Mediante outro lexema:

| Masculino | Feminino |
|---|---|
| *home, cabalo* | *muller, egua* |

**13** **Subliña os substantivos deste texto que indican persoas ou animais. Cambia o xénero dos que sexa posible.**

Durme, neniña,
durme, meu ben,
túa nai ten sono,
teu pai tamén.

Non penses máis no cabalo
que andaba a fuxir do dono;
¡mira eses cen cabaliños — NON SE PODE
que acarrexan o teu sono!

O meu arrolo
ningúen escoite.
Dúrmete, nena,
que xa é de noite.

(X. M.ª Álvarez Blázquez: *Roseira do teu mencer*,
Edicións Xerais)

Nena (neniña) > neno (neniño)

Nai <> pai

Cabalo > egua

Dono > dona

**14 Emparella cada substantivo masculino co seu feminino:**

| | |
|---|---|
| 1 xinete | 9 ladroa |
| 2 marqués | 3 clienta |
| 3 cliente | 4 presidenta |
| 4 presidente | 5 patroa |
| 5 patrón | 6 mestra |
| 6 mestre | 1 amazona |
| 7 coello | 2 marquesa |
| 8 castrón | 8 cabra |
| 9 ladrón | 7 coella |

**15 Escribe os femininos e os masculinos que corresponden a estes substantivos:**

| Masculino | | Feminino | |
|---|---|---|---|
| carneiro | comisario | ovella | comisaria |
| elefante | doutor | elefanta | doutora |
| grou | neto | grua | neta |
| galo | príncipe | galiña | princesa |
| actor | xudeu | actriz | xudía |
| capitán | león | capitá | leoa |
| curmán | avó | curmá | avoa |
| tsar | galo | tsarina | galiña |

| Masculino | | Feminino | |
|---|---|---|---|
| cidadán | xuíz | cidadá | xuíza |
| can | castrón | cadela | cabra |
| mestre | león | mestra | leoa |
| cabalo | concelleiro | egua | concelleira |
| profesor | home | profesora | muller |
| padriño | heroe | madriña | heroína |
| emperador | rei | emperatriz | raíña |
| condutor | xenro | condutora | nora |

**16 Cambia o xénero das palabras seguintes:**

| | |
|---|---|
| xenro | NORA |
| curmán | CURMÁ |
| capitán | CAPITÁ |
| bisavó | BISAVOA |
| príncipe | PRINCESA |
| bailarín | BAILARINA |
| inspector | INSPECTORA |
| aprendiz | APRENDIZA |
| cirurxián | CIRURXIÁ |
| campión | CAMPIOA |
| rapaz | RAPAZA |
| deus | DEUSA |
| boi | VACA |

**17** **Cambia o xénero das palabras que o admitan nas seguintes oracións:**

- Este cantante é curmán do meu avó Luís.

Esta " " curmá da miña avoa Luisa

- O teu irmán comportouse como un auténtico heroe: conseguiu rescatar tres meniños do incendio.

A túa irmá comp. como unha auténtica heroína: conseguiu rescatar 3 meniñas do incendio

- Este candidato ten unha longa experiencia laboral: traballou de reloxeiro, taxista, presentador, pianista…

Esta candidata ten unha longa experiencia labral: traballou de reloxeira, taxista, presentadora, pianista…

- O meu xenro, que é adestrador, prepara os atletas para a próxima competición.

A miña nora, que é adestradora, prepara as atletas (…).

- O axente retivo o ladrón ata que chegaron o inspector e o comisario da policía.

A axente retivo a ladroa ata que chegaron a inspectora e a comisaria (…).

**18** **Indica cales dos substantivos do exercicio anterior son invariables.**

Cantante, (incendio) (experiencia) taxista, pianista, atletas (competición) (policía).

**19** **Clasifica os seguintes substantivos:**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| escultor | doutor | artista | paciente | pescantín |
| estudante | cantante | ancián | detective | personaxe |

| Variables | Invariables |
|---|---|
| escultor, pescantín, doutor, ancián | estudante, paciente, cantante, detective, artista, personaxe |

**20** **Indica E (epiceno) ou V (variable) ao lado destes nomes de animais e cambia o xénero dos que sexan variables:**

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| papagaio | E | morcego | E | formiga | E | leoa | V | balea | E |
| boi | V | cervo | V | ra | E | cabalo | V | carneiro | V |
| elefante | V | can | V | sapo | E | tartaruga | E | xílgaro | E |

Boi - vaca | Cervo/-a | Leoa - León | Carneiro - ovella
Elefante/-a | Can - cadela | Cabalo - egua |

## NÚMERO

### FORMACIÓN DO PLURAL

- **Palabras rematadas en vogal ou en ditongo → engaden *-s*:** *folla-follas, lei-leis, esquí-esquís.*
- **Palabras rematadas en *-r* ou *-z* → engaden *-es*:** *pastor-pastores, voz-voces.*
- **Palabras rematadas en *-n* → engaden *-s*:** *man-mans, camión-camións.*
- **Palabras rematadas en *-l*:**

– Monosílabas → engaden *-es: pel-peles, gol-goles, ril-riles.*

– Agudas de dúas sílabas ou máis → cambian *-l* por *-is: portal-portais, caracol-caracois.*

– Graves → engaden *-es: túnel-túneles.*

– Compostas nas que o 2.° elemento é un monosílabo → engaden *-es: parasol-parasoles.*

- **Palabras rematadas en *-s*:**

– Agudas → engaden *-es: entremés-entremeses.*

– Graves e esdrúxulas son invariables: *lapis, martes, choromicas, oasis.*

- **Palabras rematadas en grupo consonántico** (p. ex.: *x* [ks]) son invariables: *luns, fax, unisex, bíceps, clímax, telex.*
- **Palabras rematadas noutras consoantes** → engaden *-s: anorak-anoraks, clip-clips, complot-complots.* (Xeralmente trátase de cultismos ou de estranxeirismos).

Simplificando:

- **Engaden *-s***

– As rematadas en vogal, ditongo e *-n: follas, leis, mans.*

– Os cultismos ou estranxeirismos rematados en consoante distinta de *n, r, z, l, s: clips, anoraks.*

- **Engaden *-es***

– Palabras agudas rematadas en *-s: entremeses.*

– Palabras rematadas en *-r* ou *-z: pastores, voces.*

– Palabras monosílabas e polisílabas graves rematadas en *-l: peles, túneles.*

- **Cambian *-l* por *-is***

– Palabras agudas, de dúas sílabas ou máis, rematadas en *-l: portais.*

- **Son invariables**

– Palabras graves e esdrúxulas rematadas en *-s: os lapis, os martes.*

– Palabras rematadas en grupo consonántico: *os luns, os fax, os bíceps.*

**21** Subliña os substantivos do texto que lerás a continuación e clasifícaos nesta táboa:

| Singular | | Plural | |
|---|---|---|---|
| Masculino | Feminino | Masculino | Feminino |
| mundo | Casa, Ponte, guerra, Pousada, veciñanza, parada, fonde | Feirantes, ~~trabalda~~ ~~dores~~ pescadores, anos, cuartos, hóspedes, transeúntes, | Comidas, Semanas voltas |

Laureano, Vilariño

Na Casa Laureano da Ponte Vilariño daban comidas para feirantes e pescadores. Moitos anos atrás, antes da guerra, cando aínda se chamaba A Pousada da Ponte, que é como seguiamos dicindo na veciñanza, ofrecíanse tamén cuartos para hóspedes e case todas as semanas facían alí parada e fonda cinco ou seis transeúntes. Pero o mundo dera moitas voltas desde aquela. Esmoreceran as feiras e mais a fartura de troitas no Arnego e o principal dos ingredientes da pousada xa non viña de camas e comidas senón das consumicións miúdas da taberna. Así e todo, de abril a setembro non faltaban forasteiros que paraban a degustar a carne richada e as troitas grelladas con torresmos, especialidade da casa.

(Gonzalo Navaza: "Vinte pesos de prata", *Erros e Tánatos*, Edicións Xerais)

**22 Subliña os substantivos destoutro texto:**

As Fragas do Eume é un parque natural galego creado o 30 de xullo de 1997 e que abrangue 9 126 hectáreas nas beiras do río Eume, concretamente nos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e as Pontes de García Rodríguez, todos eles da provincia da Coruña.

O bosque tradicional atlántico conservouse na zona en todo o seu esplendor, sendo consideradas as fragas como un dos mellores bosques atlánticos termófilos do continente europeo. Malia ser a flora a alfaia das fragas, existindo raras especies de felgos que habitaban a Terra hai millóns de anos, tamén destacan algunhas especies de animais endémicas e en perigo de extinción, dende pequenos anfibios e réptiles, como a saramaganta, ata especies maiores, como o lobo ou diversas aves de rapina. [...]

Dentro dos límites do parque atópanse numerosas pegadas da actividade humana, como os foios para facer carbón vexetal e grandes troncos cortados a rentes do chan. [...] Pero como mostras da presenza humana no parque destacan os mosteiros medievais de Monfero e Caaveiro.

(http://gl.wikipedia.org/wiki/Fragas_do_Eume)

**23 Localiza no texto do exercicio anterior e escribe:**

a) Dous substantivos colectivos: Fraga, bosque, flora

b) Dous substantivos abstractos: esplendor, perigo

c) Substantivos propios (topónimos): Eume, Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume, As Pontes de G.ª Rdgz, A Coruña...

d) Substantivos referentes á vexetación: Fraga, bosque, flora, felgos

e) Substantivos referentes á fauna: Animais, anfibios, réptiles, saramaganta, Lobo, aves.

lobo, rapina, actividade, carbón, chan, presenza.

Non clasifico os nomes propios (topónimos)

**24** **Clasifica os substantivos do texto anterior segundo o seu número:**

Singular: Parque, xullo, río, provincia, bosque, zona, esplendor, continente, flora, alfaia, penso, extinción, sgramaganta (*)

Plural: Fragas, hectáreas, beiras, concellos, bosques, felgos, anos, especies, animais, anfibios, réptiles, aves, límites, pegadas, feixos, troncos, mostras, mosteiros.

**25** **Reescribe estas frases cambiándolles o seu número e realizando a concordancia entre substantivo e adxectivo. Repara nos exemplos.**

Un parque natural galego
Bosque tradicional atlántico
Especies de animais endémicas
Grandes troncos cortados a rentes do chan
Raras especies de felgos
Bosques atlánticos termófilos
Pequenos anfibios e réptiles
Mosteiros medievais

| Singular | Plural |
|---|---|
| Rara especie de felgo | Uns parques naturais galegos |
| Bosque atlántico termófilo | Bosques tradicionais atlánticos. |
| Pequeno anfibio e réptil | |
| Mosteiro medieval | |
| Especie de animal endémica | |
| Gran tronco cortado a = | |

**26** **Pon en plural os seguintes substantivos e trasládaos ao lugar que corresponde segundo a regra de formación do plural aplicada en cada caso:**

| | | |
|---|---|---|
| 1 xersei xerseis | 3 albanel albaneis | 2 til tiles |
| 4 luns os luns | 2 cónsul cónsules | 4 lapis os lapis |
| 1 xamón xamóns | 4 dúplex os dúplex | 4 tórax os tórax |
| 1 pa pas | 3 papel papeis | 3 caracol caracois |
| 2 réptil réptiles | 2 muller mulleres | 1 spray sprays |
| 3 animal animais | 1 león leóns | 2 radar radares |
| 2 sol soles | 4 fax os fax | 1 bocoi bocois |

| -s | -es | -is | invariables |
|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 |

**27** **Completa os cadros cos plurais e singulares que faltan:**

| Singular | Plural |
|---|---|
| rei | reis |
| ollomol | ollomoles |
| cóctel | cócteles |
| club | clubs |
| canción | cancións |
| rubí | rubís |
| sándwich | sándwiches |

| Singular | Plural |
|---|---|
| o bíceps | bíceps |
| iglú | iglús |
| catedral | catedrais |
| baúl | baúis |
| parasol | parasoles |
| lei | leis |
| farol | farois |

**28** **As seguintes palabras rematan todas en -l. Fíxate na regra de formación do plural que lles acae e sitúaas no lugar que lles corresponda:** *mal, réptil, ril, parasol, caníbal, chuchamel, aerosol, albanel, mísil.*

| Singular | Plural |
|---|---|
| Monosílabas | males, riles. |
| Agudas de máis de dúas sílabas | Aerosois, albaneis. |
| Graves | Réptiles, caníbales, mísiles. |
| Compostas | Parasoles, chuchameles. |

**29** **Risca a palabra incorrecta de cada grupo, corríxea e escribe tamén o singular.**

| | Forma correcta | Singular |
|---|---|---|
| Papeis, xirasoles, ~~caracoles~~, aneis | caracois | caracol |
| ~~Barriles~~ , parasoles, túneles, caixóns | barrís | barril |
| Funís, baúis, ~~xirasois~~, hoteis | xirasoles | xirasol |
| Países, papeis, ~~faxes~~, reis | os fax | o fax |
| Aneis, trens, ~~animales~~, riles | animais | animal |

**30** **Corrixe os plurais que estean mal e reescribe as oracións:**

- Os ~~cidadás~~ ~~españoles~~ participaron nas ~~elecciós~~ ~~municipales~~.

cidadáns españois elecciónsmunicipais

- Os ~~hábitat~~ dos ~~mandriles~~ son as selvas ~~tropicales~~.

hábitats mandrís tropicais

- Ás ~~irmáns~~ de Ana gústalles merendar sándwiches ~~vexetales~~.

irmás vexetais

# 2 O ADXECTIVO

## XÉNERO E NÚMERO

### ADXECTIVOS VARIABLES E INVARIABLES

1. **Invariables.** Teñen unha única forma para os dous xéneros: *brillante (persoa brillante/astro brillante), amable (neno amable/nena amable).*

Son invariables os adxectivos rematados en *-e (verde), -l (fácil), -z (feliz), -n (ruín), -r (exemplar)* e *-ble (feble).*

2. **Variables.** Teñen formas diferentes para o masculino e para o feminino segundo o substantivo ao que acompañan.

As normas de formación do feminino e do plural son as mesmas que xa vimos para os substantivos.

**1 Subliña os adxectivos deste texto:**

Os veciños da aldea de Paimpont subministráranme novas e abondosas historias e lendas, abofé que non todas demasiado cribles, mais si profundamente fermosas e engaiolantes. Este serán o meu pequeno auditorio escoitou abraiado algúns dos meus relatos máis magníficos, ricamente engalanados con detalles [...]. Faleilles da máxica fonte de Barentón e do poderoso das súas augas, capaces de desataren tempestades e trebóns con só deixar caer unhas pingas en lugar non axeitado; contei as desventuras dos infortunados que, por extravío ou por ousadía temeraria, se internaran no temíbel Val sen Retorno, perdéndose para sempre nas súas sombras pardas e avermelladas.

(Begoña Caamaño: *Morgana en Esmelle*, Ed. Galaxia)

**2 Subliña e escribe os substantivos e adxectivos que hai neste texto:**

Os verdes carballos e as retortas cepas convertéronse en xigantescos lagartos e pezoñosas salamántigas, que berraban, xemían, ían e viñan en mil distintas direccións, e das tumbas saían agoniantes queixas que arrepiaban aos asombrados veciños.

(Heraclio Pérez Placer: "O pozo do inferno",
*Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*, Ed. Galaxia)

Substantivos: carballos, cepas, lagartos, salamántigas, direccións, tumbas, queixas, veciños.

Adxectivos: verdes, retortas, xigantescos, pezoñosas, distintas, agoniantes, asombrados.

3 **Relaciona cada substantivo co adxectivo que lle corresponda segundo a concordancia de xénero:**

| | |
|---|---|
| 1 dor | 2 intrépido ✗ |
| 2 capitán | 3 veloces |
| 3 atletas | 1 intensa |
| 4 sinais | 7 iodado |
| 5 crise | 4 secretos |
| 6 luz | 5 económica |
| 7 sal | 6 ultravioleta |

4 **Escribe o feminino destas frases:**

- Rapaz alemán ..... Rapaza alemá
- Heroe grego ..... Heroína grega
- Viaxeiro compostelán ..... Viaxeira compostelá
- Cidadán vexetariano ..... Cidadá vexetariana
- Artesán romano ..... Artesá romana

5 **Escribe o feminino e o masculino dos seguintes adxectivos:**

| Masculino | Feminino |
|---|---|
| preguntón | preguntona |
| folgazán | folgazana |
| marrán | marrá |
| chan | chá |
| temperán | temperá |
| cabezón | cabezona |
| san | sa |

| Masculino | Feminino |
|---|---|
| pillabán | pillabana |
| veterán | veterana |
| ancián | anciá |
| pailán | pailana |
| acusón | acusona |
| nugallán | nugallá |
| alemán | alemá |

6 **Reescribe en feminino estas oracións:**

- Este cidadán chinés parece moi traballador, pero disque o seu amigo americano é un folgazán.

Esta cidadá chinesa / traballadora / a súa amiga americana / unha folgazana

- O actor alemán representou con habilidade o seu papel de artesán medieval.

A actriz alemá / artesá medieval

- O adestrador noruegués opina que os atletas son demasiado débiles e charlatáns.

A adestradora norueguesa / as atletas / charlatanas

- O senador e o deputado foron recibidos polo presidente francés.

A senadora e a deputada / recibidas pola presidenta francesa.

(*) (3) As adestradoras norueguesas opinan que as atletas son demasiado débiles e charlatás.
(4) As senadoras e as deputadas foron recibidas pola presidenta francesa.

**7 Reescribe en plural as oracións do exercicio anterior.**

(1) Estas cidadás chinesas parecen moi traballadoras, pero disque as túas amigas americanas son unhas folgazanas. // (2) As actrices alemás representaron con habilidade os seus papeis de artesás medievais.
(*)

**8 Escribe o plural destes adxectivos:**

| | | |
|---|---|---|
| ilegal ilegais | xuvenil xuvenís | audaz audaces |
| débil débiles | abusón abusóns | fráxil fráxiles |
| invisible invisibles | cabezón cabezóns | bo bos |
| veloz veloces | marrán marráns | mol moles |

## GRADACIÓN DO ADXECTIVO

O adxectivo pode expresar as calidades do substantivo ao que acompaña en distintos graos:

– **Grao positivo.** Expresa a calidade sen comparala con outro elemento: *Paula é morena.*

– **Grao comparativo.** A calidade aparece comparada con outro elemento. O resultado desa comparación pode ser:

1. **De igualdade**: os dous elementos teñen en igual medida a calidade expresada polo adxectivo. Exprésase mediante a secuencia **tan + adxectivo + coma/como**: *María é tan lista coma Xosé.*
2. **De inferioridade**: O primeiro elemento posúe a calidade expresada polo adxectivo en menor medida có segundo. Exprésase mediante a secuencia **menos + adxectivo + ca/que/do que**: *María é menos amable ca Pedro.*
3. **De superioridade**: O primeiro elemento posúe a calidade expresada polo adxectivo en maior medida có segundo. Exprésase mediante a secuencia **máis + adxectivo + ca/que/do que**: *Paula é máis morena ca Marta.*

– **Grao superlativo.** A calidade expresada polo adxectivo preséntase no seu grao máis alto, sen comparala con nada. Sinala que ese elemento posúe esa calidade nun grao superior ao normal. Fórmase engadíndolle ao adxectivo a terminación **-ísimo/a** ou antepoñéndolle o adverbio **moi**: *María é amabilísima. María é moi amable.*

**9 Completa coas conxuncións comparativas adecuadas. Se pode utilizarse máis dunha, indícao:**

- Gústame máis a música cá/ca a/que a pintura.
- A película gustoume menos do que esperaba
- Este exame foi máis doado do que dixera Eva.
- A túa bicicleta é máis veloz cá/ca a/que a miña.
- Este rapaz é máis vivo ca/que un raposo.
- Prefiro xogar ao baloncesto có/ca o/que o fútbol.